



## COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

### ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2024

#### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar as actas das reunións anteriores (ordinaria de 11 de outubro e extraordinaria do 25 de outubro de 2024).
2. Validar o informe IRSD do curso 2022/2023 e delegar na Vicedecana de Calidade a corrección de cuestións formais ou erros materiais.
3. Validar os Informes finais da avaliación do PAT do curso 2023/2024 do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía e Procuradoría.
4. Aprobar a composición da Comisión que vai participar na elaboración do Programa de Desenvolvemento Extratéxico do Centro (a Comisión estará formada polos membros da Comisión de Calidade máis o equipo directivo da Facultade)
5. Aprobar o cronograma de desenvolvemento das sesións de traballo da Comisión de elaboración do Programa de Desenvolvemento Extratéxico do Centro
6. Remitir á Xerencia as necesidades de formación do PAS do centro: formación en lingua inglesa e elaboración de Memorias e Informes (área de Grao e Posgrao); cursos de formación dos novos aplicativos informáticos (área económica). En canto ao persoal de conserxaría, solicítase formación continua en manexo de sistema audiovisuais.
7. Remitir a área de innovación educativa as propostas de formación de PDI (transferencia dos resultados da investigación á sociedade e cursos de formación no uso da Intelixencia Artificial no ámbito da docencia e a investigación).
8. Validar os seguintes procedementos: AC-01: Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais; DE-03: Revisión pola Dirección; DO-0204: Xestión das Prácticas Académicas Externas; MC-02: Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.
9. Delegar na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade e nas Sras. Coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía e Procura a competencia para organizar a realización dos informes de seguimento das titulacións oficiais do centro.

Ourense, 17 de decembro de 2024

A SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.